

## ADmisión DO ALUMNADO

**2020 - 2021**

Para iniciar estudos no Centro de Formación do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo (CPR TIC) será necesario estar en posesión da titulación<sup>1</sup> esixida para o acceso á formación profesional de grao superior.

Os solicitantes<sup>2</sup> de novo ingreso ao primeiro curso e ao segundo curso, que reúnan os requisitos, presentarán a solicitude de admisión no prazo ordinario.

As solicitudes atenderanse segundo os seguintes criterios:

- A. Estar en posesión do título de Bacharel en calquera modalidade.
- B. Posuír un título de Técnico Especialista ou Técnico Superior.
- C. Ter superado o curso de Orientación Universitaria (COU).
- D. Dispoñer dunha titulación universitaria.
- E. Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior
- F. Ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

Sen prexuízo de cumplir os requisitos anteriores, dentro de cada colectivo a orde de prioridade virá determinada por:

- 1-Que se trate da primeira matrícula no ciclo para o que se solicita praza
- 2-Maior nota media no expediente académico<sup>3</sup>
- 3-Sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación<sup>4</sup>
- 4-De persistir o empate, resolverase mediante entrevista.

Do total de postos dispoñibles un 20% ofrecerase a quen teña superada a proba de acceso para ciclos de grao superior para o ciclo que solicita matrícula.

Unha vez finalizado o prazo de prescripción, e no caso de ser maior o número de solicitudes presentadas que o de prazas ofertadas, as solicitudes serán valoradas e farase público o listado de solicitantes admitidos, así como a lista de solicitantes en espera e de solicitantes excluídos que resulte da aplicación dos criterios preferentes fixados para o acceso.

Os solicitantes admitidos deberán formalizar matrícula no prazo establecido, entendéndose que de non facelo renuncian á súa praza, que será adxudicada aos solicitantes en lista de espera.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e no caso de existir vacantes, renuncias ou baixas, as prazas resultantes adxudicaranse entre os novos solicitantes por orde de entrada da solicitude.

<sup>1</sup> Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo. Para acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional requírese unha das seguintes condicións:

a) Título de bacharel  
b) Curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).  
c) Título de técnico ou técnico superior de formación profesional.  
d) Titulación universitaria.  
e) Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

<sup>2</sup> O alumnado que xa estivese matriculado anteriormente nun dos ciclos do Centro de Formación do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo (CPR TIC) terá que ter superado polo menos dous módulos técnicos (excluíndo FOL e EIE) para poder solicitar praza noutro dos ciclos.

<sup>3</sup> Para o cálculo da nota media do expediente aplicarase o procedemento fixado no artigo 22 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

<sup>4</sup> Artigo 11.2 da Orde de 15 de xuño de 2016, "...co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas árees con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación."

## Curso 2020-2021

### PRAZAS OFERTADAS

20      **1º CS Realización de Proxectos de Audiovisuais e Espectáculos**

20      **1º CS Producción de Audiovisuais e Espectáculos**

- O número de prazas ofertadas poderase ver afectado pola evolución da COVID19
- As clases poderán ser organizadas en quendas de mañá e tarde

### INFORMACIÓN e MATRÍCULA

**Centro de Formación do Servizo de  
Audiovisuais da Deputación de Lugo  
CPR TIC**

Rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n - 27004 Lugo  
Tfno.: 982 284 667  
Fax: 982 284 687

e-mail: [info@fundaciontic.org](mailto:info@fundaciontic.org)

<http://audiovisuais.deputacionlugo.org/>

### CALENDARIO

Prazo prescripción      **22 de xuño ao 3 de xullo**

Publicación listas de  
admitidos, espera e  
excluídos  
**PROVISIONAIS**      **7 de xullo**

Prazo de reclamacións      **8 a 10 de xullo**

Publicación listas de  
admitidos, espera e  
excluídos  
**DEFINITIVAS**      **14 de xullo**

Prazo de matrícula  
ordinaria      **15 ao 30 de xullo**